



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2022/23 |
|---------------------|--|--------|--|-----------|---------|
| Subject (*) | Developmental Psychology | | Code | 652G03003 | |
| Study programme | Grao en Educación Social | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Graduate | 1st four-month period | First | Basic training | 6 | |
| Language | Spanish | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Psicoloxía | | | | |
| Coordinador | Ferradás Canedo , María del Mar | E-mail | mar.ferradasc@udc.es | | |
| Lecturers | Ferradás Canedo , María del Mar Freire Rodríguez, Carlos | E-mail | mar.ferradasc@udc.es carlos.freire.rodriguez@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>A materia "Psicoloxía do desenvolvemento" pretende aportar unha formación básica no eido do plano de estudos do Grao en Educación Social. O obxectivo xeral da mesma é que o alumnado acade un coñecemento sobre as distintas etapas que constitúen o desenvolvemento ao longo do ciclo vital, así como das necesidades e demandas específicas de cada unha delas, aspectos, todos eles, esenciais para poder emprender as tarefas vencelladas á futura actividade profesional do/a educador/a social (i.e., deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos educativos dirixidos a persoas de distintas idades e condicións, desde a infancia até a vellez). Ademáis, a inclusión de contidos referidos non só ao desenvolvemento típico ou normativo, senón tamén ás dificultades ao longo do ciclo vital, é un aspecto necesario na formación do futuro profesional da Educación Social, na medida en que responde á posibilidade de que estes exerzan as súas funcións con persoas con diversos tipos de problemas ou discapacidades. Deste xeito, coñecer o proceso de desenvolvemento humano nas súas distintas facetas (física, cognitiva, social e emocional) ao longo de toda a vida é un requisito imprescindible para poder realizar calquera das intervencións con persoas que un/unha educador/a social pode levar a cabo.</p> | | | | |

Study programme competences / results

| Code | Study programme competences / results |
|------|---|
| A1 | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes. |
| A2 | Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións. |
| A4 | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas. |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |
| A9 | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario. |
| A11 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. |
| A12 | Mediar en situacións de risco e conflito. |
| A14 | Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional. |
| A15 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa. |
| A17 | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B2 | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa. |
| B4 | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social. |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |



| | |
|----|--|
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Learning outcomes | | | |
|---|---------------------------------------|----------|----------|
| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
| Coñecer o obxecto de estudo da disciplina, a súa definición e os seus antecedentes históricos. | A1 A2 | | |
| Comprender as distintas perspectivas teóricas nas que se basea o estudo do desenvolvemento ao longo do ciclo vital. | A2 A11 | | C1 C8 |
| Coñecer as distintas etapas que conforman o ciclo vital e os procesos de desenvolvemento ao longo do mesmo. | A4 | B2 | C1 C6 |
| Identificar e comprender os cambios, desaxustes e conflitos que poden xurdir desde a concepción até a morte do individuo. | A5 A12 A14 A15 | B4 | C4 C7 |
| Valorar a importancia da contorna socio-cultural nos procesos de desenvolvemento. | A2 A5 A9 | B4 | C4 |
| Acadar inquietudes éticas en relación ás implicacións socioeducativas dos coñecementos adquiridos | A17 | B5 | C4 |
| Acadar hábitos de estudo, de análise crítica e de discusión que promovan a construción activa do coñecemento por parte do alumnado. | | B1 B6 | C6 |

| Contents | |
|--|---|
| Topic | Sub-topic |
| Introdución á Psicoloxía do desenvolvemento | Concepto de desenvolvemento Obxecto da Psicoloxía do desenvolvemento Ámbitos, etapas e contextos de desenvolvemento Factores determinantes do desenvolvemento Evolución histórica da Psicoloxía do desenvolvemento |
| Perspectivas teóricas na Psicoloxía do desenvolvemento | Modelos e paradigmas na Psicoloxía do desenvolvemento Principais orientacións teóricas na Psicoloxía do desenvolvemento: - Teorías psicoanalíticas - Teorías da aprendizaxe - Teorías cognitivas - Teorías sociobiolóxicas - Teorías contextuais |
| O desenvolvemento na infancia | Desenvolvemento físico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento cognitivo na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento lingüístico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía Desenvolvemento socio-emocional na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía |



| | |
|-----------------------------------|---|
| O desenvolvemento na adolescencia | Desenvolvemento físico: adrenaquia e gonadaquia Desenvolvemento cognitivo: a etapa das operacións formais Desenvolvemento socio-emocional: - Autoconcepto e autoestima - Relacións familiares - Relacións cos iguais - Relacións de parella |
| O desenvolvemento na etapa adulta | Cambios físicos na xuventude e na madurez Desenvolvemento cognitivo na xuventude e na madurez: intelixencia e procesamento da información Desenvolvemento socio-emocional na xuventude e na madurez: traballo, relacións sociais, matrimonio, fillos. |
| O desenvolvemento na vellez | Cambios físicos na vellez Desenvolvemento cognitivo: a memoria das persoas maiores O benestar psicolóxico na vellez |

| Planning | | | | |
|---------------------------------|--|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Collaborative learning | A1 A4 A14 A15 B1 C4 C6 C7 | 4 | 26 | 30 |
| Workbook | A1 A2 A17 B5 C4 C6 | 2 | 4 | 6 |
| Document analysis | A1 A2 A5 A11 A14 B1 C6 | 2 | 18 | 20 |
| Student portfolio | A1 A2 A4 A5 A9 A14 A15 B1 B4 B6 C4 C7 | 1 | 14 | 15 |
| Mixed objective/subjective test | A1 A2 A4 A5 A14 A17 C4 | 3 | 30 | 33 |
| Summary | B1 B2 B5 B6 | 1 | 3 | 4 |
| Introductory activities | A1 A5 A14 B6 C7 | 1 | 0 | 1 |
| Problem solving | A5 A9 A12 A14 B1 C6 | 1 | 1 | 2 |
| Simulation | A12 A14 A17 B4 B5 B6 C4 | 1 | 1 | 2 |
| Laboratory practice | A1 A2 A4 A5 A14 | 1 | 1 | 2 |
| Directed discussion | A1 A4 A5 A12 A14 B1 B4 B5 B6 C1 C7 | 3 | 3 | 6 |
| Glossary | A1 A2 A4 | 1 | 1 | 2 |
| Guest lecture / keynote speech | A1 A2 A4 A5 A17 C6 C7 C8 | 21 | 0 | 21 |
| Personalized attention | | 6 | 0 | 6 |

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|------------------------|---|
| Methodologies | Description |
| Collaborative learning | Ao longo do curso o alumnado traballará en diversas actividades en pequeno grupo. O obxectivo desta metodoloxía é favorecer a aprendizaxe colaborativa dos estudantes, incidindo na importancia da planificación e a coordinación conxunta. |
| Workbook | O profesorado propondrá algunhas lecturas para a profundización dalgúns dos contidos da materia. |



| | |
|---------------------------------|---|
| Document analysis | Afondarase no estudo de diversos contidos relacionados coa materia a través da análise de documentais audiovisuais e textos escritos. |
| Student portfolio | O alumnado deberá ir elaborando un dossier coas actividades propostas ao longo do curso. Este dossier será individual e deberá entregarse para a súa avaliación ao finalizar o cuadrimestre, nunha data a concretar polo profesorado. |
| Mixed objective/subjective test | O exame dos contidos abordados nas sesións expositivas consistirá nunha proba mixta que incluírá preguntas tipo test e de resposta curta (preguntas a responder en poucas liñas, nunha soa palabra, de completar mediante un exemplo, de unir por flechas, etc.). As preguntas tipo test mal respostadas restan. |
| Summary | Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames. |
| Introductory activities | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. |
| Problem solving | Nalgunhas das actividades a desenvolver nas sesións interactivas, solicitarase ao alumnado que elabore ideas e estratexias para resolver diversos problemas e situacións relacionadas con algún dos contidos estudados. |
| Simulation | Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes. |
| Laboratory practice | Durante as sesións interactivas, desenvolverase algunha actividade de carácter experimental para analizar os procesos de cambio e maduración cognitiva dos seres humanos. |
| Directed discussion | Tanto nas sesións expositivas como nas interactivas o profesorado propondrá algunhas situacións controvertidas co obxecto de que o alumnado debata sobre as súas implicacións desde a perspectiva da Educación Social. |
| Glossary | Nalgunhas das actividades propostas durante o curso, pedirase ao alumnado que defina e explique sucintamente algúns dos conceptos chave no estudo do desenvolvemento humano. |
| Guest lecture / keynote speech | As sesións maxistras desenvolveranse nas sesións expositivas con todo o grupo clase. Nelas, o profesorado presentará e explicará mediante power points os conceptos máis importantes en cada un dos contidos contemplados no temario. |

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|---------------------------------|---|
| Student portfolio | Tanto a preparación do exame como a realización das actividades que se incluírán no portafolio serán obxecto de atención individualizada ao longo do curso durante as horas de titorías. Estas titorías faranse preferentemente de forma presencial (titorías individuais), previa cita por correo electrónico. Porén, se a situación sanitaria xeral así o esixe, poderán desenvolverse titorías de forma virtual (correo electrónico, Moodle, Teams). |
| Mixed objective/subjective test | |

Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|---------------------------------|--|---|---------------|
| Student portfolio | A1 A2 A4 A5 A9 A14 A15 B1 B4 B6 C4 C7 | En relación co portafolio valorarase: - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións empregadas na elaboración das propostas educativas. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e a claridade na exposición. | 30 |
| Mixed objective/subjective test | A1 A2 A4 A5 A14 A17 C4 | - Nas preguntas tipo test presentarase varias alternativas de resposta onde só unha delas será a correcta. Penalizaranse aquelas respostas erróneas. - Nas preguntas de resposta curta valorarase a precisión e a claridade nas respostas. Trátase de amosar que se comprende e se domina o que se pregunta. | 70 |



Assessment comments

OPCIÓN A

Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ao 85%:

- a) Elaboración e presentación do portafolio/dosier de prácticas (30%).
- b) Exame escrito (tipo proba mixta) sobre os contidos da materia (70%).

OPCIÓN B

Alumnado con dispensa académica de exención de asistencia, recoñecida pola Facultade de Ciencias da Educación da UDC:

Terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e a metodoloxía de avaliación.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

Para o alumnado que se acolla á opción A:

1. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (dosier e proba mixta).
2. O dosier presentárase antes da data do exame oficial (para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o dosier).

Para todo o alumnado (opcións A e B):

1. A convocatoria de xullo (2ª oportunidade) estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xaneiro (1ª oportunidade).
2. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Así, será cualificado como "Non presentado" cando:

- a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou
- b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

3. No relativo á realización fraudulenta (plaxio) das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no artigo 14. 4. Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento". Dacordo con esta norma, a realización fraudulenta de calquera actividade obxecto de avaliación implicará a cualificación de "0" (Suspenso) na convocatoria vixente.

Sources of information

| | |
|----------------------|---|
| Basic | <ul style="list-style-type: none"> - Delgado, B. (2008). Psicología del desarrollo. Desde la infancia a la vejez. . UNED: McGraw Hill. - Giménez-Dasí, M. y Mariscal, S. (2008). Psicología del desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia.. UNED: McGraw Hill. - Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2009). Psicología del desarrollo. De la infancia a la adolescencia. México D. F.: McGraw Hill. - Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2010). Desarrollo humano. . México D. F.: McGraw Hill. - Santrock, J. W. (2006). Psicología del desarrollo. El ciclo vital. . Madrid: McGraw Hill. |
| Complementary | <ul style="list-style-type: none"> - Freire, C., y Ferradás, M. M. (2016). Calidad de vida y bienestar en la vejez. Madrid: Pirámide - Serulnikov, A., y Suárez, R. (2001). Piaget para principiantes. Buenos Aires, Argentina: Era Naciente SRL |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Esta materia abogará pola utilización dunha linguaxe inclusiva, tanto nas intervencións nas aulas como nos contidos traballados e actividades desenvolvidas. En coherencia con esta perspectiva, propiciarase a intervención de alumnas e alumnos nas aulas.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.